



ENRIQUE LISTA



*Estraperlo*

ENRIQUE LISTA

# Síntomas<sup>©</sup>

*Síntomas* é o primeiro título do proxecto editorial *Estraperlo eds.*, dirixido por Tono Mejuto e Gonzalo E. Veloso.

**Autor**

Enrique Lista

**Edición**

Tono Mejuto

**Deseño**

Yelena Smith

**Revisión lingüística**

Sandra Expósito García

—

Impreso en Gráficas Mera,  
A Coruña  
Primeira edición, decembro 2018  
500 exemplares

ISBN 978-84-949791-2-5  
Depósito Legal C 2384-2018

A.C. Albatros  
Co apoio da Deputación da Coruña

# prefacio

1. Amarás á medicina sobre todas as cousas (especialmente os analxésicos).
2. Non te (auto)medicarás en van.
3. Santificarás as recomendacións de abstinencias varias.
4. Honrarás ás prescricións médicas.
5. Non usarás a medicación para o suicidio.
6. Non combinarás a medicación con alcohol ou drogas.
7. Non pedirás falsas receitas.
8. Non mentirás ao teu médico.
9. Non desexarás que un tratamento teña resultados inmediatos
10. Non codiciarás os tratamentos alleos.

# 1

Non cremos na capacidade curativa das tiritas. Por iso as usamos.

Se a tiritita é suficiente, a ferida non é grave (queremos crer).







As tiritas que poden cortarse á vontade  
permiten valorar o tamaño da nosa ferida.

Tamén permiten pensar nunha ferida infinita.







Compartir a ferida ou compartir a cura.

Nunca se sabe.

